

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CABANAS

Aprobación definitiva Rexistro Municipal de Entidades

CABANAS

Aprobación definitiva Regulamento do Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Cabanas

ANUNCIO

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación, celebrada en data 29 de xaneiro de 2020, procedeuse á aprobación inicial do Regulamento do Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Cabanas.

Sometido a información pública, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 28, de data 11 de febreiro de 2020, sede electrónica e Taboleiro de Edictos do Concello de Cabanas, polo prazo de trinta días hábiles sen terse presentado alegacións á mesma, elévase automaticamente a definitivo o acordo inicial, publicándose integramente o texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no cumprimento do establecido nos artigos 49 e 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

“REGULAMENTO DO REXISTRO MUNICIPAL DE ENTIDADES DO CONCELLO DE CABANAS

Exposición de Motivos

O dereito fundamental de asociación, recoñecido no artigo 22 da Constitución, foi obxecto de desenvolvemento legislativo coa aprobación da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

O tecido asociativo expresa os intereses e preocupacións da veciñanza, tendo un papel fundamental na posta en valor da democracia local e na participación veciñal.

Coa presente proposta de Regulamento apóstase por establecer un marco xurídico regulador do Rexistro Municipal de Entidades, contemplado no Regulamento de Participación Veciñal, como dispositivo que permita coñecer documentalmente a realidade do tecido asociativo e de participación colectiva, co fin de dispoñer da información necesaria que dea soporte ás accións públicas que se haxan de emprender para favorecer e fomentar a participación da cidadanía nos asuntos de interese público, á vez que se pretende garantir a transparencia na xestión municipal e satisfacer mellor as necesidades da veciñanza.

En cumprimento ao disposto nos artigos 232 a 236 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1996, do 28 de novembro, e demais disposicións concordantes, atendendo á realidade e dinamismo social, resulta esencial e necesario para o movemento asociativo municipal e para o fomento das actividades desenvoltas polas asociacións de Cabanas dispoñer dun regulamento do Rexistro Municipal de Entidades.

Artigo 1. Obxecto e natureza.

O regulamento do Rexistro Municipal de Entidades ten por obxecto permitir ao Concello coñecer o número de entidades existentes no municipio, os seus fins, representatividade e incidencia, a efectos de posibilitar unha política municipal adecuada que contribúa a fortalecer o tecido asociativo do municipio.

O Rexistro Municipal de Entidades é independente do Rexistro Xeral de Asociacións da Comunidade de Autónoma, polo que a inscrición neste último non presuporá a inscrición no Rexistro Municipal.

Artigo 2. Xestión do Regulamento.

O Regulamento do Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Cabanas estará adscrito á Área de Alcaldía do Concello, correspondido ao alcalde/alcaldesa, ou concelleira/a en quen delegue, ditar as resolucións relativas á inscrición ou cancelación dos seus datos, baixo a dirección, control e supervisión da Secretaría Xeral do Concello. Os datos contidos no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Cabanas serán públicos.

Artigo 3. Vinculación co regulamento de Participación Veciñal.

O Regulamento do Rexistro Municipal de Entidades rexeráse polo disposto na presente disposición e no Regulamento de Participación Veciñal do Concello de Cabanas, onde se fai referencia expresa ao Rexistro Municipal de Entidades.

Artigo 4. Inscripción no Rexistro.

Poderán obter a inscrición no Rexistro Municipal de Entidades, as entidades sen ánimo de lucro cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais do municipio e, en particular, as asociacións de veciñas e veciños dun barrio ou parroquia, as de pais e nais, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, sindicais, empresariais, profesionais e calquera outras similares que exerzan as súas actividades dentro do ámbito territorial de Cabanas.

A inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Cabanas terá carácter voluntario e gratuïto.

Artigo 5. Documentación para a inscrición.

A inscrición realizarase a solicitude da entidade interesada, que haberá de achegar os seguintes datos, relacionados así mesmo no artigo 5 do Regulamento de Participación Veciñal:

- a) Estatutos actualizados e normas de funcionamento.
- b) Acta constitutiva da Entidade.
- c) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
- d) Acta ou certificación que acredite a personalidade dos membros da Xunta directiva, os seus domicilios e teléfono de contacto.
- e) Domicilio social (dirección postal, teléfono e dirección de correo habilitada a efectos de práctica de notificacións electrónicas)
- f) Número de identificación fiscal.
- g) Breve memoria dos servizos e actividades programados para o ano en curso.
- h) Certificación do número de socios.
- i) Orzamento anual da entidade.
- j) Certificación, no seu caso, da pertenza de federacións, confederacións ou outras unións asociativas.

Artigo 6. Emenda de solicitudes.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos no artigo anterior, requirirase á entidade interesada para que no prazo de dez (10) días hábiles, emende a documentación preceptiva, con indicación de que, de non facelo, terase por desistida da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015.

Artigo 7. Resolución de inscrición.

No prazo de quince (15) días hábiles desde a presentación da solicitude de inscrición, salvo que esta se interrompera pola necesidade de emendar deficiencias na documentación achegada, o alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue, decretará a inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Entidades, notificando o contido da devandita resolución á entidade interesada co número de inscrición asignado.

Artigo 8. Dereitos das Entidades.

As entidades rexistradas no presente Rexistro terán dereito:

- Recepción das convocatorias, ordes do día e actas dos plenos da corporación.
- Á utilización dos medios públicos municipais, locais e espazos, previa petición e autorización municipal.
- A recibir axudas económicas, na medida en que os orzamentos municipais anuais así o permitan.

Artigo 9. Obrigas das Entidades.

• As entidades rexistradas están obrigadas a notificar por escrito ao Concello de Cabanas calquera modificación dos datos que servisen de base para a súa inscrición, no prazo dun mes desde a data en que se producise dita modificación, con expresa indicación dos datos que son obxecto de modificación e a data en que se produciran.

No caso de modificacións referentes aos Estatutos das Entidades, presentarase unha copia do exemplar coa nova redacción, unha vez rexistrada no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

- Anualmente, ata o 31 xaneiro, as entidades rexistradas deberán presentar ao Concello de Cabanas:

- Memoria das actividades realizadas no transcurso do ano anterior.
- Certificado do número de socios rexistrados a día 31 de decembro.
- Conta Xeral aprobada do ano anterior.
- Orzamento e programa anual de actividades para ano en curso.
- As Entidades rexistradas comprométese a poñer a disposición do Concello de Cabanas calquera información e documentación que se solicite coa finalidade de comprobar a veracidade dos datos facilitados.
- A responder do uso das instalacións municipais e dos danos que nas mesmas se puidesen causar pola súa utilización.
- Relacionarse de xeito electrónico co Concello de Cabanas, de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Artigo 10. Incumprimento.

O incumprimento ou falsidade das obrigas contempladas neste Regulamento dará lugar a que o Concello, de oficio, poida dar de baixa á entidade no Rexistro Municipal de Entidades, previa audiencia á parte interesada para que formule as alegacións que estime pertinentes nun prazo inferior a quince (15) días, procedendo automaticamente á baixa de dita entidade de non presentase alegacións ao respecto en dito prazo.

A cancelación da inscrición tamén se producirá por extinción da entidade, a solicitude de parte ou por inactividade da mesma.

As inscricións, baixas ou cancelacións que se realicen no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Cabanas serán resoltas expresamente polo alcalde/sa, ou concelleiro/a en quen delegue, e notificaranse á entidade interesada.

Artigo 11. Baixa no Rexistro Municipal de Entidades.

Calquera asociación rexistrada previamente poderá solicitar a baixa no rexistro, mediante comunicación electrónica dirixida ao Concello, achegando o correspondente certificado, expedido polo Secretario/a co visto e prace da persoa titular da Presidencia.

Artigo 12. Xestión do Rexistro.

O tratamento e arquivo dos datos contidos no Rexistro Municipal de Entidades desenvolverase mediante os medios e procedementos informáticos que sexan precisos para lograr os fins encomendados, respectando os principios de simplificación, axilización de trámites, gratuidade de libre acceso, confidencialidade, seguridade e autenticidade.

A aprobación do sistema de información, comunicación e acreditación dos datos rexistrados por de xeito electrónico realizarase de conformidade coa normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

Artigo 13. Medios electrónicos.

O Concello de Cabanas propiciará a consulta dos datos relativos aos procedementos de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións a través do seu portal corporativo.

Así mesmo impulsará a tramitación por medios electrónicos dos procedementos de inscrición no Rexistro Municipal de Entidades, de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 14. Utilización de medios públicos.

As Entidades rexistradas, previa petición presentada no Rexistro Xeral do Concello, poderán acceder ao uso de recursos públicos municipais, especialmente locais e medios de comunicación e locomoción, e ás accións formativas que impulse o Concello de Cabanas en fomento do asociacionismo.

As autorizacións correspondentes concederanse atendendo ás actividades programadas, á dispoñibilidade de espazos, persoal e horarios, segundo os criterios que se fixen polas unidades responsables da xestión dos medios solicitados. As entidades responderán do uso realizado das instalacións municipais e dos danos que nas mesmas se puidesen causar pola súa utilización.

Artigo 15. Comunicacions.

O concello enviará ás entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades as convocatorias dos plenos municipais, así como as actas de cada unha das sesións plenarias.

O Concello, previa petición expresa das entidades rexistradas interesadas, remitirá as publicacións que, editadas polo Concello, resulten de interese para aquelas, atendendo ao seu obxecto social. Todos os envíos de documentación serán realizados por vía electrónica.

Artículo 16. Subvencións.

Nos orzamentos municipais incluírase unha partida dedicada especialmente ao financiamento do movemento asociativo e das actividades das entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades. Nas bases de execución dos orzamentos, así como nas bases de concesión de subvencións, especifícanse os criterios de distribución de axudas ás entidades.

Disposición final primeira.

Autorízase á Alcaldía para ditar cantas instrucións sexan necesarias para a aplicación do presente Regulamento.

Disposición final segunda.

O presente Regulamento, aprobado na sesión ordinaria do Pleno da Corporación, celebrada en data 29 de xaneiro de 2020, entrará en vigor a partir da publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 70.2 en, relación co artigo 65.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Cabanas, 27 de marzo de 2020

O Alcalde,

Carlos Ladra Brage

2020/2274